

CONDICIÓNS PLAN MADRUGA CONCELLO DE CORTEGADA CURSO 2021-2022

O servizo levarase a cabo no CEIP Otero Novas

A entrada terá lugar pola porta principal do centro. O pai/nai ou tutor acompañará ao neno ou nena ata a porta e alí será recollido polo/a monitor/a, quen acompañará ao mesmo ata a aula habilitada.

A entrada será ás 08:00 horas.

Unha vez rematado o servizo, ás 10:10, a monitora acompañará aos nenos ata a porta da aula de infantil, onde a profesora de Educación Infantil será a encargada de recollelos.

O servizo iniciárase o día 9 de setembro, coincidindo co inicio do curso escolar.

- Aspectos médicos.

1.- Non se prestará o servizo, cando os nenos se atopen enfermos e por parte do médico de familia ou especialista non se informe sobre a posibilidade de asistencia ao Centro.

2.- No suposto de enfermarse no Centro, avisarase para que o menor sexa recollido á maior brevidade posible por algún dos seus pais ou tutores ou por persoa autorizada ao efecto por éstos.

3.- Si os nenos deben tomar algunha medicación, ou tratamento continuado, serán os pais, nais, tutores ou, persoa autorizada ao efecto por éstos quen subministre a mesma aos nenos ou nenas.

4.- Sen perxuízo do disposto no parágrafo anterior, os pais, nais, tutores ou representantes legais deberán poñer en coñecemento do Servizo calquera dato ou circunstancia que resulte de interese para o cuidado do menor.

O pago do servizo mensual efectuarase do 1 ao 10 de cada mes. O prezo será de 20 euros/mes os nenos censados e de 30 euros/mes os nenos non censados.

Os alumnos que non estén inscritos no plan madrugada poderán facer uso do mesmo de forma ocasional previa comunicación á persoa responsable e abonarse a mes vencido (3 euros/día)

Os pais/nais/tutores deberán comprometerse a cumprir coa normativa de prevención COVID-19.

A atención comprenderá o servizo de cociña, entendendo por éste o quentamento de alimentos. Serán aportados polas familias tanto o leite como os alimentos xa cociñados.

A baixa no servizo debe comunicarse por escrito ao concello de Cortegada.